

Francisco Llorens. O pintor das Mariñas

Guía didáctica

Profesorado Educación Primaria



Ruta do **Impresionismo**
das Mariñas



OBXECTIVO:

COÑECER A FIGURA DE FRANCISCO LLORENS E A SÚA RELACIÓN CO ESPAZO XEOGRÁFICO DAS MARIÑAS.

FRANCISCO LLORENS (A Coruña, 1874-Madrid, 1948)

É un dos **paisaxistas de referencia** na historia da arte do século XX en Galicia, polo peso temático e argumental que esta ten na súa obra. Cunha sólida formación —foi alumno de Carlos de Haes e Joaquín Sorolla— que completará na Academia Española en Roma, viaxou extensamente por Italia, Bélxica e Holanda. Lugares que reflectiu en apuntamentos e bosquejos que realizou nestes escenarios.

Desenvolveu unha longa traxectoria profesional como profesor de debuxo e pintor, expoñendo en repetidas ocasións en España e América. Foi membro das academias galega e madrileña de Belas Artes e mantivo relacións con intelectuais coetáneos seus como Ramón Cabanillas e Castelao.

Aínda que alternou a súa vida entre Madrid e Galicia, á que regresaba cada verán, **esta foi o eixe temático fundamental en toda a súa obra**. As súas estancias estivais en calquera punto das Mariñas, A Ponte da Pasaxe, Oleiros, Sada, Mera, O Pedrido... reflíctense na súa pintura, cunha gran riqueza de matices cromáticos. A importancia que este contorno xeográfico desempeña en toda a súa obra é fundamental, xa que estes **espazos naturais** constitúen o espiñazo da súa obra pictórica.

Llorens sempre pintaba ao aire libre, practicaba o "**plein air**" xa que a natureza e os infinitos tons e matices que a luz provocaba sobre a paisaxe, eran os elementos esenciais da súa inspiración.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer a figura do pintor Francisco Llorens e a época na que desenvolve a súa traxectoria artística.
- Saber por que o definimos como **paisaxista**.
- Aprender a diferenciar unha paisaxe doutros xéneros artísticos como o retrato ou o bodegón.
- Descubrir a maneira e os lugares onde pintaba.
- Observar como plasmaba a luz e a cor da natureza nas súas obras.
- Aprender conceptos como impresionismo.
- Coñecer que son As Mariñas como espazo xeográfico e natural.
- Entender por que lle chamamos o **pintor das Mariñas**.
- Descubrir a figura dun pintor como a dun gran “orquestrador de cores, luces e sombras”.
- Aprender a sentir e conmoveuse coas paisaxes realizadas por Llorens.
- Intentar sentir coma el, a paisaxe. Describir sensacións.
- Coñecer a súa biografía, ademais dos museos e coleccións onde se atopan as súas obras.
- Coñecer información “on line” sobre o artista.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia en comprensión lectora e visual.
- Competencia no coñecemento do contorno xeográfico máis próximo.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia dixital.

CONTIDOS

- Francisco Llorens: biografía e imaxes das súas paisaxes.
- A importancia de Galicia e o valor da paisaxe na súa obra.
- A paisaxe como impresión, sentimento e emoción nos seus cadros.
- As Mariñas como espazo xeográfico de vital importancia na súa traxectoria artística.
- Lugares pintados e espazos xeográficos.
- A importancia da luz e a cor nas súas paisaxes.

ACTIVIDADES RECOMENDADAS:

- Percorrer os espazos naturais das Mariñas, para coñecer, apreciar e valorar “in situ” a súa beleza natural.
- Traballar na aula, pintando e recreando a natureza e as paisaxes observadas. Describilas.